

Compromiso coa alimentación saudable**A FUNDACIÓN EROSKI CELEBRA OS 15 ANOS DO SEU
PROGRAMA EDUCATIVO PARA IMPULSAR HÁBITOS DE VIDA
SAUDABLES ENTRE OS ESCOLARES**

- **Máis de 2,5 millóns de escolares participaron na parte educativa do programa desde o seu lanzamento nos seus centros escolares. Ademais, a iniciativa desenvolveu máis de 9.000 obradoiros presenciais nas tendas, nos que participaron máis de 213.000 nenos e nenas.**
- **No último curso escolar, 254.461 alumnos e alumnas de 2.736 centros educativos participaron na iniciativa da Fundación EROSKI.**
- **Cada curso, o programa chega a máis de 2.500 colexios de toda España e rexistra unha taxa de repetición dos centros superior ao 70 %.**

Elorrio, 8 de setembro de 2026. – [A Fundación EROSKI](#) celebra este curso escolar 2026-2027 o 15.º aniversario do seu Programa educativo sobre alimentación e hábitos saudables (PEAHS), unha iniciativa que ten como obxectivo fomentar unha alimentación equilibrada e uns hábitos de vida saudables e sostibles entre os escolares. Desde o seu lanzamento en 2012, **máis de 2,5 millóns de escolares** participaron no programa, que desenvolveu **máis de 9.000 obradoiros nas tendas** e se consolidou como unha das principais iniciativas educativas da Fundación para fomentar estilos de vida saudables desde a infancia.

Ao longo dos seus quince anos de traxectoria, o programa mantivo unha elevada participación da comunidade educativa. Cada curso chega a **máis de 2.500 colexios de toda España**, case o 20 % dos centros de primaria, e rexistra unha taxa de repetición superior ao 70 %. No curso 2025-2026 participaron **254.461 alumnos e alumnas de 2.736 centros educativos**, fronte aos 233.863 escolares e 2.433 colexios do curso anterior. A evolución dos últimos anos tamén reflicte o crecemento sostido da iniciativa: desde o curso 2021-2022, a participación pasou de 159.442 a 254.461 escolares e de 1.853 a 2.736 centros educativos.

A iniciativa conta cunha gran presenza na rexión norte, onde participaron o curso pasado **171.353 estudantes de 1.895 colexios** de Galicia, Asturias, Cantabria, o País Vasco, Navarra, A Rioxa, Aragón, Cataluña e as Illas Baleares. Estas cifras representan o 16 % do alumnado e o 32 % dos centros de primaria destas comunidades autónomas.

**EROSKI: Responsable de comunicación
corporativa**

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa
Silvia Peralta

Tel: 917 379 950



FUNDACIÓN
EROSKI
contigo



ESCUELA DE
ALIMENTACIÓN

Nota de prensa

«Celebrar quince anos deste programa e chegar a máis de 2,5 millóns de escolares confirma o valor da educación como ferramenta para favorecer estilos de vida saudables desde idades temperás. Máis alá das cifras, satisfainos especialmente a confianza que os centros educativos depositan cada ano nesta iniciativa e a súa capacidade para seguir chegando ás novas xeracións. Queremos seguir a apoiar os escolares, as familias e a comunidade educativa, ofrecéndolles coñecementos e ferramentas que os axuden a tomar decisións máis saudables e responsables na súa vida diaria», afirmou **Alejandro Martínez Berriochoa, director xeral da Fundación EROSKI e director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI**.

Aprender tamén desde a experiencia

O programa PEAHS combina contidos e recursos didácticos con experiencias prácticas que permiten trasladar o que se aprendeu a situacións cotiás. O programa está deseñado de forma modular para adaptarse ás necesidades dos docentes e dos centros educativos e inclúe actividades na aula, obradoiros nas tendas e propostas para traballar en familia.

O programa forma parte da **Escola de alimentación da Fundación EROSKI**, un espazo dirixido a escolares, familias, profesionais da educación e da saúde, e cidadanía en xeral que impulsa iniciativas de información e formación relacionadas coa nutrición e os estilos de vida. A súa actividade artículase arredor da formación na escola, en familia e para calquera idade.

Os seus materiais desenvolvéronos profesionais especializados e, ao longo da súa traxectoria, a iniciativa contou coa colaboración de organizacións como a Fundación Española do Corazón, UNICEF, WWF e o Basque Culinary Center. Ademais, a Escola de alimentación conta co asesoramento dun comité científico que achega unha visión externa, experta e independente.

Un dos seus elementos diferenciais son os **obradoiros presenciais nas tendas**, deseñados para achegar de forma práctica ao alumnado os contidos que se traballaron. Desde o inicio do programa, celebráronse **9.195 obradoiros**, nos que participaron **213.346 escolares**. Actualmente, a Fundación EROSKI ofrece **14 modalidades diferentes de obradoiros presenciais** dirixidos ao alumnado de primaria.

Coñecer os hábitos da infancia para seguir avanzando

O labor educativo complementase cunha liña de investigación orientada a coñecer mellor os hábitos e as realidades dos nenos e nenas e a xerar información que contribúa a orientar as futuras actuacións de sensibilización e educación.

En 2024, a Fundación EROSKI realizou a súa primeira enquisa a **2.126 estudantes de primaria de 8 a 12 anos** que pertencían a nove comunidades autónomas do norte de España. O estudo

EROSKI: Responsable de comunicación corporativa

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa

Silvia Peralta

Tel: 917 379 950

abordou tres ámbitos: os hábitos familiares relacionados coa compra, a cociña e as comidas; os principais referentes dos menores en materia de alimentación; e a relación entre a comida e as emocións.

Esta liña tivo continuidade en 2025 cunha segunda investigación entre **2.581 escolares de 8 a 12 anos**, centrada no impacto das pantallas nos seus hábitos de vida e en aspectos relacionados coas pautas de uso, as normas e os límites familiares e a percepción dos riscos asociados á sobreexposición aos dispositivos dixitais.

Coincidindo co seu 15.º aniversario, a Fundación EROSKI poñerá en marcha a **terceira edición desta enquisa**, continuando unha liña de traballo que permite afondar no coñecemento da poboación infantil e xerar información de valor para seguir avanzando na promoción do seu benestar.

Unha traxectoria recoñecida

O traballo que desenvolveu a Fundación EROSKI en educación alimentaria, promoción de hábitos saudables e sensibilización recibiu ao longo destes anos diversos galardóns. Entre eles, está o **Premio Estratexia NAOS**, o recoñecemento da **Academia Española de Nutrición á Mellor Iniciativa Empresarial** e o **Selo GOSASUN ao PEAHS pola súa contribución ao fomento de prácticas saudables**, ademais doutros recoñecementos nos ámbitos da comunicación e a responsabilidade social.

Acerca da FUNDACIÓN EROSKI

A Fundación EROSKI é unha iniciativa impulsada por EROSKI en 1997 co obxectivo de trasladar á sociedade múltiples iniciativas de acción social, principalmente relacionadas coa investigación, a innovación, o fomento, a educación e a protección das persoas consumidoras e do medio ambiente, garantindo unha alimentación e hábitos de vida saudables; promovendo así unha sociedade máis xusta, solidaria e unida, sempre co intercooperativismo como eixe da súa filosofía de actuación.

EROSKI: Responsable de comunicación corporativa

Patricia Martín Sanchidrián

Tel: 946 211 214 comunicacion@eroski.es

INCÓGNITO: Axencia de prensa
Silvia Peralta

Tel: 917 379 950